

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE UNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO EN ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL, FUNCIONARIO (ESTABILIZACIÓN)

1ª.- OBXECTO.-

As presentes bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso selectivo para a provisión en propiedade, polo sistema de concurso-oposición por quenda libre, de unha (1) praza de funcionario denominada: técnico en animación sociocultural, pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, clase servizos técnicos, grupo B, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2022 de estabilización en todo aquilo que non estea previsto nas Bases xerais dos procesos selectivos para o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público de estabilización para o Concello de Sada do ano 2022.

2ª.-REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: OEPE 17-2022

3ª.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: técnico en animación sociocultural
- b) Grupo de clasificación: B
- c) Tipo de relación xurídica: funcionario
- d) Funcións:

- Transmisión , desenvolvemento e promoción da cultura. Xeración de redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais. Mediación social, cultural e educativa. Coñecemento, análise e investigación dos contextos sociais e educativos. Deseño , implantación e avaliación de programas e proxectos educativos. Xestión, dirección e coordinación e organización de recursos educativos.

- Deseño, execución e avaliación dos programas de educación familiar, voluntariado, participación social, inserción social do concello , sobre problemas de drogas e outras adicións, mellora da convivencia., diversidade funcional/discapacidade, educación ambiental e educación para a saúde, igualdade.. (...)

- Realizar acompañamento e traballo socioeducativo. Promover a participación activa das persoas nos distintos programas.

- . Informar, orientar e asesorar cara facilitar o acceso das persoas aos recursos sociocomunitarios e para a creación e a dinamización de asociacións e entidade sociais comunitarias.

- Mediar culturalmente. Fomentar a participación democrática e posta en valor das persoas con culturas doutra orixe. Promoción de espazos de encontro

- Realizar diagnoses das necesidades da comunidade.

- Informes de seguimento e visitas domiciliarias. (...)

- e) Correspondencia co posto de traballo con código 060010 da RPT, ao cal se adscribirá definitivamente a persoa proposta.

4ª.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de concurso-oposición, ao darse os requisitos establecidos no art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

5ª.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Estar en posesión do grao en Técnico superior de formación profesional en Animación Sociocultural ou diplomatura ou grao en Educación Social ou equivalente (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano competente).

- Estar en posesión do título de acreditación do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 7.4º.

6ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E PRAZO

As solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón:

<https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos> ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo de presentación de solicitudes é o establecido na base cuarta das xerais

As taxas serán as establecidas na base quinta das xerais para o Grupo B, asimilado: 20 euros.

7ª.- PROCESO SELECTIVO.

O proceso selectivo é o concurso-oposición e consistirá na suma total dos méritos presentados e a puntuación da fase de concurso.

7.1. Na fase de concurso tribunal examinará os méritos presentados polos aspirantes coa instancia e os cualificará con arranxo ao seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 21 puntos.

- Por experiencia nun posto de técnico de animación sociocultural nun Concello: 0,50 puntos por cada mes.

- Por experiencia nun posto de técnico de animación sociocultural no resto de Administracións Públicas: 0,30 puntos por cada mes.

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia dos contratos de traballo ou certificados emitidos polo órgano competente das Administracións Públicas indicando posto, funcións e duración do contrato xunto co certificado da Seguridade Social (informe de vida laboral).

MÉRITOS ACADÉMICOS: valoraranse ata un máximo de 19 puntos, conforme ás seguintes regras:

1) Por unha titulación académica: ata un máximo de 4 puntos.

- Polo título de postgrado: 0,5 puntos.

- Por unha titulación FP grao superior ou equivalente: 1 punto.

- Polo título de máster oficial: 1 punto.

- Polo título de doutor: 2 puntos.

- Por unha titulación universitaria de grao medio ou equivalente: 3 puntos.

- Por unha titulación universitaria de grao ou equivalente: 4 puntos.

Unicamente valorarase a titulación relacionada coas funcións. No caso de que unha titulación servise para obter a superior valorarase unicamente a superior.

2) Os cursos de formación e perfeccionamento impartidos a empregados/as públicos/as polas Administracións Públicas, así como por centros ou entidades acoillidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas directamente relacionados coas funcións da praza convocada e materias/áreas de coñecemento recollidas nas bases. Valoraranse ata un máximo de 7,5 puntos, a razón de:

- De 11 a 20 horas: 0,5 puntos.

- De 21 a 50 horas: 1 puntos.

- De 51 a 80 horas: 1,5 puntos.

- De 81 a 150 horas: 2 puntos.

- De 151 a 250 horas: 2,5 puntos.

- Más de 250 horas: 3 puntos.

3) Os cursos de formación e perfeccionamento impartidos a empregados/as públicos/as polas Administracións Públicas, así como por centros ou entidades acoillidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais. A estes efectos considérase materia transversal: prevención de riscos laborais, igualdade, non discriminación e prevención da violencia de xénero, lingua de signos española, técnicas de comunicación, traballo en equipo, protección de datos, procedemento administrativo, calidade dos servizos, sinatura electrónica, tedec, administración electrónica. Valoraranse ata un máximo de 7,5 puntos, a razón de:

- De ata 9 horas: 0,25 puntos.

- De 10 a 20 horas: 0,5 puntos.

- De 21 a 50 horas: 1 puntos.

- De 51 a 80 horas: 1,5 puntos.

- De 81 a 150 horas: 2 puntos.

- De 151 a 250 horas: 2,5 puntos.

- Más de 250 horas: 3 puntos.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación do correspondente diploma ou título.

No caso de que se presenten varios diplomas/títulos con idéntica denominación puntuarase o curso de maior duración, no caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase na data máis próxima á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Cando a acreditación dos cursos o diplomas figuren en créditos, realizarase a equivalencia dun crédito igual a 20 horas.

Non se valorarán como cursos:

- Os que non acrediten as datas de realización e/ou as horas de duración, nin os inferiores a 10 horas lectivas, salvo que se especifique no apartado correspondente a valoración.
- Os derivados de procesos selectivos ou preparatorios de procesos de promoción interna independente e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, congresos, simposios, talleres e similares, nin a formación especializada que resulte imprescindible para a obtención dunha titulación académica determinada ou para o exercicio dunha profesión.
- Aqueles empregados para cumprir algún dos requisitos de acceso á categoría obxecto da convocatoria.
- Os recibidos dentro dun doutorado, máster, grado ou titulación universitaria, nin o propio título de doutorado, máster, grado ou título universitario oficial.

A estes efectos valoraranse por igual os cursos de formación de asistencia e de aproveitamento recibidos.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

Aos efectos do cómputo de cada un dos méritos alegados, tomarase como data límite, o último día do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.

Unha vez realizada a valoración polo tribunal publicarase a relación de méritos e abrirase un prazo de tres días hábiles para presentar posibles reclamacións.

7.2. Fase de oposición:

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo II das bases xerais e base 8.^a das específicas). Estará composto por 10 preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 2 puntos, as respostas deixadas en branco ou incorrectas non descontarán. A cualificación máxima é de 20 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 40 puntos.

- Os exercicios son obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.
- Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interperse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.3. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma da puntuación da fase de concurso e da fase oposición.

7.4. Exame de coñecemento da lingua galega.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 5ª realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

8ª.- ÁREA DE COÑECEMENTO MATERIAS ESPECÍFICAS.

- 12.- Animación sociocultural: Concepto, obxectivos, funcións, modalidades, relación con conceptos afíns.
- 13.- A animación sociocultural como proceso de participación e desenrolo comunitario.
- 14.- A animación sociocultural no tempo libre infantil e xuvenil.
- 15.- Recursos de animación cultural: materiais e humanos.
- 16.- O ocio como feito cultural: respostas sociais e institucionais. Ocio e participación.
- 17.- Claves para unha planificación útil na animación cultural (I): Formulación de obxectivos.
- 18.- Claves para unha planificación útil na animación cultural (II): Principios da planificación, tipos de planificación.
- 19.- Claves para unha planificación útil na animación cultural (III): Utilidade da planificación.
- 20.- A animación cultural en equipo: planificación do traballo, equipo de traballo, conduta do equipo.
- 21.- A intervención en animación cultural: Momentos do proceso de intervención, dinamización sociocultural, formas que adopta a intervención.
- 22.- Avaliación da animación sociocultural (I): fundamentos, obxectivos e enfoques.
- 23.- Avaliación da animación sociocultural (II): sentido e plantexamento da avaliación.
- 24.- Avaliación da animación sociocultural (III): metodoloxía aplicada á avaliación, técnicas empregadas.
- 25.- O técnico de animación sociocultural: formación e modos de actuación. O animador sociocultural: formación e modos de actuación.
- 26.- A infraestrutura para a práctica da animación sociocultural no Concello de Sada: instalacións, espazos e equipamentos.
- 27.- Necesidade, posibilidades e obstáculos para a animación sociocultural no Concello de Sada. A Administración Local como foco cultural cercano. Programación, escolas e talleres.
- 28.- Novas tecnoloxías e oferta cultural. Medios de comunicación de masas.
- 29.- A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- 30.- Cidades Amigas da Infancia: Órganos de participación; plans de infancia e adolescencia.
- 31.- Os servizos de tempo libre infantís en equipamentos municipais: Planificación, deseño, execución e avaliación.
- 32.- O traballo con adolescentes no tempo libre. Características. O xogo como elemento educativo.
- 33.- A Educación Ambiental no tempo libre.
- 34.- A Educación para a Igualdade e a Integración.
- 35.- Psicoloxía evolutiva. Etapas de desenrolo do menor e o/a adolescente.
- 36.- A Planificación, o Desenrolo e a avaliación de proxectos socioculturais con menores e adolescentes.
- 37.- Xestión de equipamentos xuvenís.
- 38.- Análise da xuventude. Características sociopsicolóxicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 39.- Técnicas e recursos de animación en actividades de tempo libre. Actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil.
- 40.- A xestión de conflitos, mediación e interculturalidade en actividades de opción infantil e xuvenil.
- 41.- As redes sociais como elemento de comunicación sociocultural.
- 42.- Regulación dos Centros municipais de Xuventude e Centros de Información Xuvenil.
- 43.- Ferramentas de participación social e xestión cidadá nas festas locais.
- 44.- Organización de festivais culturais na rúa. Factores e recursos necesarios.
- 45.- Programas e servizos de xuventude europeos e estatais.
- 46.- Os colectivos xuvenís.
- 47.- Os xóvenes creadores.
- 48.- Organización de cabalgatas e grandes acontecementos na rúa. A Cabalgata de Reis
- 49.- Elaboración de Plans de Xuventude: Planificación, seguimento e avaliación.
- 50.- As dinámicas e técnicas de grupos con xóvenes. Concepto, tipos de técnicas, limitacións e dificultades. Técnicas creativas de dinamización de grupos e resolución de conflitos.
- 51.- Asociacionismo xuvenil: concepto, estrutura e funcionamento. Tipoloxía e funcionamento económico. Programas de fomento do asociacionismo xuvenil.
- 52.- Os contratos administrativos: concepto e clases. Estudo dos seus elementos. O seu cumprimento. A revisión de prezos e outras alteracións contractuais. Incumplimento dos contratos administrativos. Tipos de contratos.
- 53.- Características xerais do Orzamento Xeral das Entidades Locais: Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: especial referencia ás bases de execución do Orzamento. A prórroga do Orzamento. A execución do orzamento de gastos e ingresos: as súas fases.

54.- O control presupostario da xestión sociocultural.

55.- A protección de datos de carácter persoal (I) Normativa reguladora. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

56.- A protección de datos de carácter persoal (II) O tratamento de datos. Dereitos das persoas. Obrigas do Responsable do tratamento.

57.- A protección de datos de carácter persoal (II): no ámbito da orientación laboral.

58. O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Normativa de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

59.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

60.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereitos. A normativa reguladora do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

DILIXENCIA.- As presentes bases foron aprobadas por resolución da alcaldía núm. 2107/2022, do 27 de decembro, e corrixidas por resolucións núms. 8/2023 de data 2 de xaneiro e nº 1038 do 26 de maio de 2023.

Documento asinado pola secretaria xeral D.^a M.^a del Carmen Seoane Bouzas